

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

I ENCONTRO PROVINCIAL POLA **INCLUSIÓN**

Mes de **decembro** dedicado ás persoas
con **diversidade funcional**

16 de decembro de 2016



 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

Pavillón do Centro Príncipe Felipe
Avenida de Montecelo, 12
Pontevedra

I ENCONTRO PROVINCIAL POLA INCLUSIÓN

Mes de decembro dedicado ás persoas
con diversidade funcional

Decembro é o mes dedicado aos dereitos das persoas con discapacidade. O encontro comezou o día 3, día declarado pola ONU como día internacional das persoas con discapacidade. Pero non queremos que este día pase e se esqueza.

Por iso a Deputación de Pontevedra organiza este **I Encontro Provincial pola Inclusión** para que o recoñecemento ás persoas con discapacidade estea presente durante todo o ano e o ano que vén. Porque queremos que as persoas que habitan na provincia de Pontevedra convivan desde o respecto á dignidade e á diferenza, que cooperen na procura da autonomía dos outros, que faciliten a accesibilidade e se relacionen desde a igualdade entre homes e mulleres, e respecten a evolución das nenas e dos nenos con discapacidade.

A Deputación de Pontevedra ponse ao servizo da sociedade, comprometida coas persoas con diversidade funcional, para construírmos entre todas e todos unha provincia inclusiva e diversa. A administración local, ao carón das persoas, convértese no espazo, no motor, na voz e tamén na imaxe das persoas con discapacidade, das entidades de iniciativa social, das persoas profesionais, das persoas cuidadoras, das familias e das persoas polas que sentimos afecto. Todas e todos formamos o contorno necesario para lograr a inclusión plena na sociedade e para lograr a igualdade de oportunidades e o dereito a unha boa calidade de vida.

O camiño desta transformación require actuar sen parar en todas as fronteiras con toda a cidadanía. Sabemos o que hai que facer grazas ás persoas con diversidade funcional, ás familias, ás persoas cuidadoras, ás entidades e ás persoas profesionais.

Accións transformadoras para unha provincia diversa, inclusiva e sostible

10:00 h Inauguración

- Digna Rivas Gómez, deputada provincial de Cohesión Social e Xuventude
- Uxío Benítez Fernández, deputado provincial de Mobilidade e Cooperación Transfronteiriza
- Carmela Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra

10:15 h Actuación do coro da Asociación de Discapacitados Intelectuais Virxe da O, Centro Méndez Núñez

Dirección e coreografía: Montserrat Martínez Rodríguez
Paxoliña: *Santa Claus is coming to town*

10:20 h Encontro I: Accións e Organizacións Transformadoras pola Inclusión

ONCE. José Ángel Abraldes (director do centro de recursos educativos da ONCE en Pontevedra)

COGAMI. Ángel Holguera (presidente provincial)

AMENCER-ASPACE. Mónica Touriño (xerente)

FADEMGA. Antonio Fuentetaja Cervelo (director xerente)

10:50 h Mostra de danza da compañía de danza da Fundación Igualarte

11:00 h Encontro II: Olladas profesionais

Saúde Mental-FEAFES Galicia. Manuel Juncal Gil (psicólogo)

COTSG. Marta Capeáns Outeiro (presidenta)

COESG. Eva Moldes Casal (vogal)

COGAMI. Luisa Miranda Ferreiro (técnica de accesibilidade)

11:30 h Actuación do grupo de teatro da Asociación de Discapacitados Intelectuais Virxe da O Centro Méndez Núñez.

Adaptación e dirección: Amalia Eva Gómez Babío

Últimos actos da obra de William Shakespeare, *Romeo e Xulieta*

11:40 h Encontro III: Experiencias en común

Presentacións audiovisuais e exposición de traballos de pintura e artesanía

13:00 h Clausura: actuación musical do grupo XROCK